

## INFORME SOBRE A PROPOSTA DE PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA.

O 11 de decembro de 2020 recibíuse na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos a proposta de Prórroga do Plan Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, de conformidade co establecido na Resolución Reitoral de 7 de outubro de 2020 respecto aos instrumentos de planificación estratéxica da USC de cara aos procesos relacionados nos SGC dos Centros.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo coa guía que elaborou a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para adaptar o proceso PE-01 do Sistema de Garantía de Calidade ás especificidades derivadas da resolución reitoral xa sinalada no que atinxe á prórroga dos Plans estratéxicos dos centros, a citada Área debe emitir un informe sobre a proposta de prórroga para revisar a súa adecuación e congruencia ao instrumento vixente de planificación estratéxica da USC, que é a programación plurianual para o período 2019-2022.

Nesa guía, concréntanse as fases de elaboración da prórroga do Plan, que son as seguintes:

- a análise da situación;
- a revisión das liñas o os obxectivos estratéxicos a seguir e,
- a elaboración e aprobación do acordo de prórroga do plan estratéxico.

### INFORME:

Unha vez revisado a proposta de prórroga do Plan Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, verifícase que o seu contido é congruente coas liñas da Programación Plurianual da USC, polo que se **informa favorablemente**.

Santiago de Compostela, a 14 de decembro de 2020.

A xefe da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

José Manuel Villanueva Prieto

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, XEFE DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DE PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/12/2020 08:55:26.

**CSV:** 1FE3-B6BB-41B0-9D44